



## ÍNDICE - SUMARIO

N.º 214

Volume XLIII

setembro-outubro 2019



### **Guieiro**

por Pedro Castelao 3

### **Estudos**

**Os vellos: así de real**  
por Xaquín Campo Freire 5

**Acerca do envellecer**  
por Ramón Cao Martínez 26

### **Achegas**

**Entre o efémero e o eterno. Meditación a partir do salmo 90 (89)**  
por Manuel Regal Ledo 56

**Aprendendo a vivir e aprendendo a morrer**  
por Elvira Santos Pena 68

### **Documento**

**Discurso do Santo Padre**  
por Papa Francisco 74

### **In memóiriam**

**Manuel Calvo Tojo**  
por Rubén Aramburu 89

### **Crónicas**

**Nós fomos á Romaxe do 2019. á Madalena en Vilalba, por iso prestamos o noso testemuño**  
por Grupo de Ferrol Terra 94



Carta desde a banda da esperanza  
por Manuel Regal Ledo 99

### **Recensión**

*El grupo Nós. Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas y Antonio Losada Diéguez* por Ricardo Carballo Calero  
por Victorino Pérez Prieto 113

### **Ilustracións**

por Soedade Pite 39, 91



No capítulo 35 da obra de Filón de Alexandría, *De opificio mundi*, § 103, o sabio xudeu expande os beneficios cósmicos da *hebdomada* –a creación do mundo en sete días– á propia vida do home, identificando nel dez idades compostas por ciclos regulares de sete anos cada un.

Di así: «nos primeiros sete anos saen os dentes; na segunda etapa alcánzase a idade de expulsar semente fértil. Na terceira, medra a barba; na cuarta, aumenta a fortaleza. Na quinta, chega a hora do casamento; na sexta, o cumio do discernimento, namentres que na sétima medran e melloran conxuntamente o intelecto e palabra. Na oitava, acádase a perfección en cada un deles. Na novena, aparecen a ecuanimidade e a suavidade das paixóns xa amansadas. Na décima idade, acádase o fin desexado da vida, cando os membros do organismo aínda están en forma, pois a vellez avanzada adoita estragalos». E logo cita, tamén, a Solón, o lexislador ateniense, que, pola súa banda, afirma da décima idade: «se alguén chegara cumpríndoa acaidamente, non lle chegaría o seu destino de morte fora de hora».

Esta comprensión da vida en dez idades de sete anos amosan un total de setenta anos de vida. Na actualidade a esperanza de vida medrou considerablemente. Especialmente nas mulleres, figuras en absoluto ben atendidas na comprensión de Filón acerca da creación.

En calquera caso, *Encrucillada* quere centrar a benevolente atención dos seus lectores na derradeira etapa da vida á que todos os homes e mulleres, en principio, queremos chegar, por máis que unha longa vida tamén implique amplitude de incertezas e posibles (ou seguros) padecementos.

Dous estudos de Xaquín Campo Freire e Ramón Cao marcan o ton deste número. O de Xaquín botando luz sobre o lado escuro da vellez: soidade, vulnerabilidade, abandono e mesmo perigo de maltrato. Realismo cru baseado en información, datos, pero tamén en experiencia e reflexión.

O estudo de Ramón Cao invita a unha contemplación sapiencial, literaria, filosófica e teolóxica da ancianidade. Autores antigos

e modernos comentaristas danse cita neste traballo para alumear un novo achegamento ao clásico *De senectute* ciceroniano.

Elvira Santos e Manolo Regal ofrécennos dúas achegas máis vivenciais e persoais sobre unha vellez vivida ante Deus en clave de gratitude por tanto ben recibido. Elvira reflexiona sobre si mesma. Manolo faino en diálogo co Salmo 90 (89).

Un *In memórium* asinado por Rubén Aramburu lembra a figura de D. Manuel Calvo Tojo, profesor de dereito canónico do ITC e xuíz eclesiástico da Diocese de Santiago de Compostela.

A crónica da Romaxe achéganos a un evento xa tradicional que leva décadas conxuntando de xeito creativo fe e galeguidade.

A Rolda de Igrexa de Manolo Regal, unha recensión de Victorino Pérez Prieto e os debuxos de Soedade Pite completan un número que desexamos sexa de proveito.

**Pedro Castelao**